



**INFORMACIÓN DO CRITERIO DA RENDA ANUAL PER CAPITA DA UNIDADE FAMILIAR E
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA**

Para a valoración da renda da unidade familiar terase en conta a declaración da renda do ano 2018. As familias interesadas deberán sinalar na solicitude a cantidade que resulte da suma da base imponible xeral e da base Imponible do aforro (casións 436+460) dividida entre o número de membros computables da unidade familiar referido ao 28 de febreiro de 2020.

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito inscritas no rexistro de Parellas de Feito de Galicia e por:

- Fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Fillos/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

Se o resultado é:

- a) Inferior a 0,5 veces o IPREM (**3.227,01€**)..... **3 puntos**
b) igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM (**3.227,01 - 4.840,72€**)..... **2 puntos**
c) igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM (**4.840,72 – 6.454,03€**)..... **1 punto**
d) igual ou superior ao IPREM (**6.454,03€**)..... **0 puntos**

Documentación a presentar:

Autorización expresa dos dous cónxuxes na folia 3 da solicitude para que a Axencia Tributaria subministre a información á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. De non dispoñer de datos tributarios na Axencia Estatal de Administración Tributaria a familia interesada debe achegar unha certificación de haberes.